



JOSÉ MANUEL YÁÑEZ CARBALLEIRA

piano

Fixo os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña da man da concertista e profesora Natalia Lamas e participou en diferentes cursos de perfeccionamento cos profesores Luís Galve, Manuel Carra, Cecilio Tieleles, E. Pich-Axelfield, Elías Arizcuren, Edson Elías, Laszlo Gyimesi, J. L. Estellés, Benet Casablanca, Luca Chiantore, Almudena Cano...

Realizou o Mestrado en Interpretación de Piano da Universidade da Coruña, o cal impartiu o profesor e concertista Albert Attenelle

Actuou en diversas formacións: piano solo, música de Cámara, Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), Orquesta de Cámara Nemet, Orquesta de Cámara Municipal da Coruña (coa que estreou na cidade os "Catro Temperamentos" de P. Hindemith, como solista), Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta de Cámara Galega (coa que interpretou en outono do 2009 o "Concerto en Arcos" como solista en Lugo e Vigo) e coa Banda Municipal da Coruña (onde interpretou como solista "Parade Concerto", de S. Lance e "Rhapsody in Blue", de G. Gershwin).

En 1991 fundou o Trío Groba xunto ao violinista e á chelista Rogelio e Clara Groba e, posteriormente, formou parte da Orquesta de Cámara Galega. Na actualidade é director do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol, onde ocupa o devandito cargo dende o curso 1999-2000, e profesor de piano no Conservatorio Superior de Música da Coruña dende o 2008-2009.

Foi requirido en varias ocasións para formar parte do xurado no Premio Internacional de Piano Cidade de Ferrol. Ademais, é membro fundador da Asociación Galega de Intérpretes de Música Clásica (ASGAIM).

Entre 2003 e 2006 forma dúo de piano a catro mans coa pianista Valvanera Briz, coa que realizou varios concertos pola xeografía española. Forma parte do *Dúo Ad Rem*, *Quidam Trío*, *Dúo 2x4*, *Strawinsky Ensemble*, *Firebird Proyect*, *Krekes Ensemble*, *Proxecto Encontros*, *Grieg Ensemble* e aposta por novas propostas xunto a actores, monicreques (coa compañía Viravolta), bailaríns...

Así mesmo, é promotor e intérprete do proxecto "A Música Camiño divino", ciclo de concertos celebrado na comunidade da Ríoxa, con motivo do Ano Xacobeo, durante o verán do 2004, de que se gravou un dobre CD cunha selección dos ditos concertos.